



Julia:

O carballo dá i-a landra,
o castiñeiro orizo,
todo Dios dá do que ten
ti qu' has de dar Cacharizo.

José:

Ahora que veu o vran-he
tamén veu a primavera,
os homes a cinco pesos
mulleres a perra vella.

Julia:

Vale máis querer a un perro
que querer a unha muller
o perro ama a su dueño
e a muller a quen quer.

José:

Eu ben vin esta-lo cuco
de querquena nun salgheiro,
tirando pola correa
i-aprendendo a zapateiro.

As mulleres deste pueblo
bien se poden alabar-e,
que me cortaron os frascos
xa me volven retoñar-e.

Julia:

Os homiños deste pueblo
poucos son e menos sean,
colghados no campanario
polo ben que nos desean.

José:

Unha vella por casar-e
subius' a i-un campanario,
meteu aquilo dentro
pensando qu' era un badallo.

Julia:

Unha vella por casar
subú a un campanario,
meteu o badal na cona
pensando qu' era o carallo.



José:

O carallo vintanove
vai na feira da i-aresta,
ai se mo ves ti aló-e
dálleme un pau na testa.